



Expte. 3994/440

DESTINATARIO:

MESA DE CONTRATACIÓN

**ASUNTO: VALORACIÓN DA OFERTA PRESENTADA PARA A CONTRATACIÓN POLO PROCEDEMENTO ABERTO DAS OBRAS DE RENOVACIÓN DUN ASCENSOR NO EDIFICIO DA CASA CONSISTORIAL DO CONCELLO DE VIGO.**

Con data 04/09/2017 se entrega a esta oficina solicitude de informe para Xuízo de valor (Sobre B), na que se adxunta a carpeta do expediente con o sobre B e informe do 01-09-2017 no que se certifica a presentación dunha única oferta da empresa que se indica a continuación:

- SCHINDLER, S.A.

**INFORME:**

No apartado **8.A.** das FEC, do Prego de Cláusulas Administrativas particulares. Anexo I, deste expediente, establécense os criterios avaliábeis mediante xuízo de valor, sendo os seguintes:

**O criterio 1 “Memoria dos criterios de execución técnica dos traballos a desenvolver e características técnicas e de deseño do ascensor: Valorárase ata 20 puntos.**

Esta puntuación ten os seguintes apartados:

- Descrición da execución técnica dos traballos a desenvolver: Valórase ata 7 puntos.
- Análise do ámbito de actuación dos traballos a executar e os procesos de implantación de medios: Valórase ata 3 puntos.
- Características técnicas e de deseño. *Valórase ata 10 puntos.*

**REGRAS DE VALORACIÓN**

A puntuación do criterio avaliábel mediante xuízo de valor será outorgada seguindo as seguintes regras:

- Outorgarase a máxima puntuación fixada en cada apartado ás memorias que desenvolvan cun alto grado de detalle os contidos indicados con análise específico e coa representación gráfica adecuada.
- Descontarase un 15 % da puntuación máxima prevista en cada apartado a avaliar, ás memorias que non teñan un desenvolvemento detallado dos contidos esixidos en cada apartado.
- Descontarase un 15 % da puntuación máxima prevista en cada apartado, por cada un dos contidos esixidos en cada apartado con escaso desenvolvemento, ou no caso de que a súa



|  |   |               |
|--|---|---------------|
| Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo   | Data impresión: 12/09/2017 10:58                | Páxina 1 de 3 |
| Expediente 3994/440  | Código de verificación: 2BEA4-44EEA-D43BC-D883A |               |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |   |               |



xustificación non teña unha adecuación ao obxecto do apartado a avaliar. Os descontos previstos neste apartado serán acumulativos todos eles, incluído o indicado no apartado 2, tendo como resultado máximo o desconto equivalente a máxima puntuación do criterio a avaliar.

4.- A puntuación será de 0 (cero) puntos, cando a memoria do apartado a avaliar conteña aspectos contraditorios internos ou non recolla ningunha aportación a maiores das establecidas no propio PPTP que define o desenvolvemento do obxecto deste contrato.

### CRITERIOS DA MEMORIA E VALORACIÓN DA OFERTA

A memoria técnica presentada pola empresa SCHINDLER, S.A. cumpre os criterios de presentación exixidos no PCAP, é dicir:

- É un arquivo dixital (que contén os dous apartados exixidos) con unha extensión de 61 follas menor que o máximo permitido (100 follas) por unha cara. O arquivo dixital ten un tamaño de 2,9 MB menor que o máximo de 20 MB de tamaño.
- A denominación do arquivo: "Schindler; Sobre B; Apartado correspondiente a Memoria criterios execución (005)" está conformada coa seguinte nomenclatura: "Nome abreviado da empresa licitadora (máximo de 10 caracteres)"; sobre B; apartado correspondente a Memoria criterios execución".

Ademais esta memoria técnica cumpre os contidos exixidos no PCAP, é dicir:

1º.- Na descrición da execución técnica dos traballos a desenvolver, contempla os seguintes contidos:

- Análise das actuacións a desenvolver
- Descrición dos traballos de execución da mesma
- Condicionantes da execución da mesma
- Determinación do grao de incidencia dos condicionantes e actuacións especificados nos apartados anteriores en relación ás actuacións a realizar

Ademais se inclúe a información gráfica correspondente.

2º.- No análise do ámbito de actuación dos traballos a executar e os procesos de implantación do ascensor, contempla os seguintes contidos:

- Estudo das afeccións dos condicionantes externos dos traballos (actividades no propio edificio)
- Medidas propostas que permitan simultanear os traballos coas





actividades cotiás do entorno  
Ademais se inclúe a información gráfica correspondente.

3º.- Nas características técnicas e de deseño. contempla os seguintes contidos:  
Descrición gráfica con imaxes, fichas técnicas dos elementos do ascensor. A citada memoria desenvolve os contidos do PPTP co maior grado de detalle que no PPTP.

Sen embargo, na valoración restáronse un 15% debido á falta de detalle na memoria técnica ou a falta algún dato relevante, exactamente:

- a) Descrición da execución técnica dos traballos a desenvolver: Non se detalla os traballos de aliñamento e revisión das guías existentes.
- b) Análise do ámbito de actuación dos traballos a executar e os procesos de implantación de medios: Non se detalla o espazo necesario durante a actuación nin a sinalización das obras.
- c) Características técnicas e de deseño: Non se indica el valor en dB do nivel de ruído que deberá ser en todo caso inferior ao establecido na CTE-DB-HR.

A aplicación dos criterios descritos anteriormente da os resultados que se detallan na táboa que se achega coa puntuación por criterio, e a total do licitador.

| Criterios avaliables mediante xuízo de valor | VALORACIÓN |                         |                         |                          |
|--|------------|-------------------------|-------------------------|--------------------------|
|  | EMPRESAS   | CRITERIO 1.a (7 puntos) | CRITERIO 1.b (3 puntos) | CRITERIO 2.c (10 puntos) |
| SCHINDLER, S.A.                              | 5,95       | 2,55                    | 8,5                     | <b>17,00</b>             |

Polo que se emite o presente informe aos efectos oportunos.

SG/la

Asinado dixitalmente na data que figura na marxe

A Enxeñeira Técnica Industrial  
Asdo. Susana González Ramírez.

